

## 1977, ano do NON PAGAR

*O campesinado impón a anulación da Cuota Empresarial da S. S. A.*

*Cada día que pasa, novas parroquias súmanse á consciente mobilización que se está producindo contra do pago dese repudiado imposto chamado Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria.*

*En multitudinarias asambleas promovidas polas Sociedades Agrarias, miles de agricultores toman a decisión, en votación a man alzada —case sempre por unanimidade— de NON PAGAR esta Cuota Empresarial. Nesas asambleas son nomeadas comisións compostas polos propios agricultores pra ir ó frente da parroquia e impedir calquera tipo de engaño.*


*Parte das organizacións agrarias que hoxe teñen presenza en Galicia asumiron tamén, seguindo a experiencia histórica encabezada polas Comisións Campesinas (movemento potenciador do sindicato das Sociedades Agrarias), esta loita, favorecida coa incipiente democracia que estamos a vivir.*

*Difícilmente o goberno —os gobernos—, quen astra o de agora se negou a recolle-las aspiracións do campesinado, podía seguir calando.*

*Centos de parroquias, miles e miles de agricultores, están dando a razón a aqueles homes, moitos deles comunistas, que participaban ou apoiaban ás Comisións Campesinas na súa loita do NON PAGAR.*

*Nin as torturas en comisaría nin o proceso no antergo TOP foron capaces de domea-la vontade xusticieira do campesiñado galego en contra deste descarado roubo.*

*A cobranza deste 1.977 está chamada a se-la do masivo NON PAGAR. O ano da anulación da cuota empresarial.*



X. Rodríguez Mondelo nunha das asambleas promovidas polas Sociedades Agrarias convidando ó NON PAGAR.



O Secretariado Ampliado da C.S.G. das Sociedades Agrarias.

## Mitins no Ferrol Rianxo e Vigo

*Pra explica-la nosa postura diante do Pacto da Moncloa e a súa necesaria concreción en Galicia co nome do Pacto de Rajoy, a necesaria unidade de tódalas forzas democráticas galegas arredor da reivindicación autonómica e outros temas da política galega e estatal, o PCG celebrou mitins no Ferrol, en Rianxo e en Vigo. Na páxina 5, información do primeiro que se celebrou no Ferrol. En Rianxo, os oradores foron, Emilio Pérez Touriño, Xesús Redondo Abuín e Santiago Alvarez. En Vigo, Xosé M. Mella, Carlos Barros e Santiago Alvarez.*

## Concretar en Galicia os acordos da Moncloa

# Pacto de Rajoy: unha necesidade

*A nosa proposta de concretarmos en Galicia, desenrolándoo e axeitándoo á nosa situación específica, o Pacto da Moncloa, está sendo acollido a cada paso con maior atención e apoio polas diferentes forzas políticas galegas. Pra que nos fale dese necesario Pacto, do Pacto de Rajoy que nós propugnamos, ninguén mellor có noso secretario xeral Santiago Alvarez, a quen lle fixémo-las seguintes preguntas.*

*—¿Cal é o propósito do noso Partido ó propoñer ás demais forzas políticas o Pacto de Rajoy?*

*—O propósito é ver de chegar a un acordo entre tódalas forzas políticas galegas que teñen un peso real na nosa sociedade pra, no novo contexto político creado polos acordos da Moncloa, abordar e tratar de poñer en vía de resolución os mais urxentes problemas económicos, políticos, sociais e culturais que ten a nosa nacionalidade.*

*—¿Como definirías concretamente a esas forzas?*

*—Refírome a tódolos partidos políticos que teñen representación parlamentaria, ben no marco de Galicia, ben no conxunto do Estado. E tamén a aqueles que, sin darse esas circunstancias, teñen un peso real na sociedade galega en determinados sectores específicos dela, e pola súa posición política ou polo enfoque xeral sobre dos problemas de Galicia, están ou poden estar predispostos a que se chegue a un acordo.*

*—¿Trátase de que se traduzan no medio galego os mentados acordos da Moncloa?*

*—Ese ha de ser, no noso criterio, un aspecto moi importante da xuntanza proposta. Compriría analiza-lo significado dos acordos de índole económica e, por suposto tamén os de índole política e a súa aplicación concreta á realidade galega.*

*—¿Cal é, según a túa opinión, a importancia dos acordos da Moncloa?*

*—Ditos acordos teñen dúas facetas que están estreitamente vencelladas. unha de tipo económico e outra de tipo político. As medidas que comportan e os ouxetivos que aspiran acadar son tan importantes que cabe calificalos por eso de trascendentales ou históricos. Teñen esa significación porque tenden a conter e mais tarde a supera-la crise económica grave que vivimos e facer posible a culmina-*

*ción do proceso político aberto coas eleccións de xuño e a consolida-la democracia. Ocorre que pra lograr precisamente este ouxetivo é imprescindible e urxente facerlle frente e supera-la grave crise económica, pois se esta seguira o seu curso sen control, levaríanos a catástrofe económica e política.*

*Eses acordos sentan ademais importantes bases pra promover certas reformas estruturales que han de contribuir a consolida-la democracia e a garantiza-lo seu desenvolro.*

*De outra banda, sen cubri-los ouxetivos fundamentais previstos nos acordos da Moncloa, Galicia non chegaría a acada-lo réxime provisional de autonomía nin posteriormente o Estatuto. O cumprimento deses acordos son, pois, premisas indispensables pra lograr estes altos ouxetivos políticos.*

*—¿Que sentido lle das á afirmación de aplica-los acordos da Moncloa á realidade de Galicia?*

*—As medidas económicas previstas nos devanditos acordos deben ter entre nós unha aplicación*

*axeitada ás características da nosa xeografía económico-social e tamén política e cultural. Pra eso, o primeiro que hai que lograr é que se apliquen e que non se discrimine.*


*—¿Crees que existe este perigo?*

*—Non hai que descartalo. Pra que esa discriminación non se consuma hai puntos que, sen dúbida, comportan sacrificios prós traballadores, en especial prós obreiros, e polo tanto resultan negativos como son, en determinadas condicións, e só nesas, os do tope salarial do 22 por cen, e a posibilidade de despido dun 5 por cen das plantillas. Pero eses sacrificios son os mínimos en comparación co significado político e económico dos mentados acordos e coas contrapartidas que os mesmos comportan.*

*Nesas contrapartidas hai que situala-lo propósito de frena-la inflación e con esta a carestía da vida, pois os mais afectados pola inflación son os que viven dun xormal ou sueldo e os que teñen un modesto retiro ou renda fixa, xa que a inflación reduce a nada o poder de compra dos seus ingresos. Nese sentido non esquezamos tampouco o feito de que se destinarán 125.000 millóns de pesetas pra facer frente ó paro obreiro, e que*

Vai a pax. 2

## Ouxetores de conciencia



a n t a

*Compre que a obxección de conciencia deixe de ser delito e presentar alternativas —servicio civil, algún tipo de asistencia social...— ós ouxetores. Non se pode obrigar a ninguén a racha-las súas mais fondas conviccións éticas e menos cando estas non atentan contra os principios dun Estado democrático.*

*(Na foto, ún dos encadenados frente a cárcel Modelo de Barcelona é retirado pola forza pública).*



# Pacto de Rajoy unha necesidade

Ven da páx. 1

debemos esixir que á nosa terra veña a parte que lle corresponda. Pero ademais, nos acordos da Moncloa hai aspectos que interesan moi particularmente a Galicia no seu conxunto.

¿Poderías mentallas, aínda que moi esquemáticamente?

—Sí. Por exemplo, no terreo económico financeiro hai decisións relacionadas coa inversión de crédito público, coa utilización dos fondos das Caixas de Aforro a nivel rexional e das localidades, coa administración democrática das Caixas rurais e a utilización dos seus fondos para axudar ó campo.

Igual cómpre dicir polo que afecta á axuda que debe ser proporcionada á pequena e mediana empresa. E non digamos xa das medidas acordadas cara ó campo e o mar, que foron propostas por nós, polos comunistas.

—En canto á creación de 400.000 postos escolares e 200.000 de BUP e preciso reclamar pra Galicia a parte que lle corresponda e tamén son importantes os acordos sobre do uso do galego na escola.

¿E no eido da política?

—No terreo político teñen importancia tódolos acordos tomados tendentes a modifica-las leis do antigo réxime e institucionaliza-la democracia, o que a radio e TV pasen baixo control parlamentario, os cambios no Código penal Común que debe ser axeitado ás condicións concretas de Galicia, sobre de todo pra equiparalos de xeitos da muller ós do home, etc.

—O Pacto de Rajoy tería según ti outra faceta, ¿non si?

—Si, trataría de lograr acordos que permitan mobilizar ó pobo e ó conxunto da cidadanía galega polo réxime provisional autonómico



A Asamblea de Parlamentarios galegos: unha das partes implicadas no Pacto de Rajoy.

Algunhas desas medidas, como é a supresión da cuota empresarial da Seguridade Social Agraria prós labregos que non utilizan man de obra asalariada, ou sexa a supresión das famosas "xornadas teóricas" do Estatuto, da explotación familiar, proxecto dunha lei democrática de cooperativas, dunha nova lei de arrendamento, que, entre outras ventaxas, permita o acceso á propiedade, etc. En canto ó mar, os acordos adoptados van no sentido de dar satisfaccións ás reivindicacións de pescadores e mariscadores, salva-la crise pesqueira e desenrolar esta industria ó máximo, como foron tamén as propostas feitas por nós.

—¿E polo que se refire o ensino?

e porque se lle proporcionase a Galicia a maior cantidade de medios e de facultades pra facer ese réxime operante. Todo eso na perspectiva de logra-lo Estatuto de Autonomía tan pronto como esteña aprobada a Constitución democrática do Estado que elabora o Parlamento.

Trataríase tamén de lograr un principio de acordo sobre da composición da Xunta de Galicia, que debe ser de carácter nacional, excluindo calquera sectarismo ou carácter partidista pra que teña maior respaldo cidadán. Trataríase de chegar a un acordo de principio sobre do programa mínimo pero indispensable que terá que cumprir-la mentada Xunta na primeira fase. Outro día falaremos concretamente dese programa.

## Marxismo e cristianismo

# Resposta a Manuel Espiña

Meu querido e admirado D. Manuel: Ten que perdonar que faga esta pequena polémica con vostede, mas, como cristiano e como marxista militante no PCG, non podo deixar sen resposta o seu Outeiro de san Xusto do 16-out-1.977 titulado "¿Galicia, marxista?". Eu non quero entrar no feito que evidentemente provocou o seu Outeiro e que provocou tamén o escándalo da "gran señora e gran periodista" (son palabras súas) Pilar Llorente. E non quero entrar porque non coñezo o feito, mas non quixera deixar de notar que o escándalo de certos sectores sociais a maior parte das veces indica somente que o que provocou o escándalo vai contra dos seus intereses de clase, e que o xuício dunha "gran señora e gran periodista", precisamente por selo, non ofrece moitas garantías pra podermos fiarnos del así, sen máis.

Mas o que provoca esta miña polémica —e unha vez mais pido perdón por ter que facela e porque se cadra, escápanse algunhas palabras ou conceptos mais duros do que eu quixera— son unha serie de conceptos que V. vai deitando no seu artigo cunha seguridade, mas tamén, teño que decilo, cunha gran confusión de ideas e cun gran descoñecemento da materia da que fala.


No marxismo hai unha parte filosófica, perfectamente caduca e non esencial e hoxe abandonada por case tódolos marxistas; e hai ademais outra parte científica, que é un método de análise histórica e de análise política e que é en definitiva a que a nós os marxistas nos interesa, e que por outra banda é perfectamente compatible coa fe cristiana; e non só é compatible, senón que moitos encontran no partido comunista un modo mellor e mais profundo de vivi-lo seu cristianismo, como di Carrillo no seu libro *Eurocomunismo y Estado* (cito de memoria). E como cristiano podo dar fe desto.

Mons. G. Benille, cardenal de Firenze, di na súa entrevista ó PAIS (27-oct-1.977, p. 7) que "los cristianos que votan comunista (en Italia) es porque no conocen el marxismo o no conocen el cristianismo... Otros no saben lo que significa ser marxista... Piensan que el partido comunista es el partido de los pobres...". Paréceme que quen non sabe o que é o marxismo é Mons. Benelli, mas os cristianos dos que el fala adiviñaron moi ben que é o partido comunista: "el partido de los pobres" (nós diríamos mais ben o partido da clase traballadora) e que entre o marxismo e o cristianismo non hai contraposición. Aínda que o mellor non saiban explicar eso que eles adiviñaron.

Di Mons. Benelli que o marxismo "va contra la unidad, porque predica la división... División porque privilegia una clase en favor de otras". Aparte de que esto é completamente falso e demostra que Mons. Benelli non ten idea do que é o marxismo.

Cristo ¿non privilexia unha clase cando di: "Dichosos vós, os pobres, porque voso é o Reino dos Ceos"? Escóitámolo hoxe no Evanxelio da Misa de tódolos santos. En tódolos Evanxelos non se atopa nunca unha frase coma esta "dichosos vós os ricos...", mas si se acha esta outra "é mais difícil que un rico se salve ca que un camello pase polo ollo dunha agulla". ¿Non hai nestas frases unha conciencia de que "A historia de toda a sociedade deica agora é unha historia de loitas de clases. Libre e escravo, patricio e plebéu, barón e servo da gleba, membro da corporación oficial, nunha palabra opresores e oprimidos —ricos e pobres na terminoloxía evanxélica—, estiveron entre si en continuo antagonismo, fixéronse unha guerra sen cuartel, cando encuberta, cando aberta, unha guerra que rematou cada vez nunha transformación revolucionaria de toda a sociedade ou nun afundimento común das clases en loita"? Manifesto do Partido Comunista de Marx-Engels, p. 49, versión completa ó galego, edit Nova Galiza 1.976). Se Mons. Benelli houbese estudado un pouco a Marx, ou se tan siquiera houbera lido namais que o Manifesto do Partido Comunista sabería

namais que o Manifesto do Partido Comunista sabería que o marxismo non predica a división senón todo o contrario, porque o marxismo vai á eliminación das clases sociais, causa das divisións e das desigualdades sociais. Claro que Mons. Benelli pretende que nós prediquémo-la unidade entre os ricos e os pobres, en-



Manuel Espiña.

tre os opresores e os oprimidos na nosa terminoloxía; nós eso negámonos a facelo porque eso significaría que os oprimidos seguirían sendo oprimidos e os opresores seguirían oprimindo. E cando V. ó final do seu artigo di que "xa está ben de marchas e de protestas e de reivindicacións... Os inxenieiros e arquitectos a facer proxectos e realízalos ben; os médicos, a procura-la saúde; os profesores a educar..." etc. está decindo —non sei se se deu ben conta— que todo siga o mesmo, nunha palabra que os oprimidos sigan sendo oprimidos —e por enriba que non se queixen— e que os opresores sigan oprimindo. A esto lévavos a vosa predicación da unidade, pretendéndoa facer pasar por cristiana. E verdade que Cristo pide a unidade, pero prós seus, e os seus non son precisamente os ricos; ¿non pedimos nós tamén: PROLETARIOS DE TODOLOS PAISES, UNIDEVOS?

Se V. tivera un mínimo de coñecemento do marxismo (hoxe pola Congregación de Seminarios está mandado que nos Seminarios e Universidades se expoña tamén o marxismo aínda que só sexa con fins apoloxéticos) tería tamén uns métodos de análise que lle axudarían a comprende-lo fenómeno, do que V. tanto se queixa no seu artigo, da multiplicidade de partidos políticos. Eso non é mais có produto dunha realidade social pavorosamente fraccionada polo franquismo, (¿quere mais división ca esa?) en subclases e subsectores que automaticamente dan orixe a grupos e partidos políticos que, queirámolo ou non, son sempre representativos. Non hai neste falta de atención e respecto ó noso pobo, como V. di, non, hai só unha terrible realidade da que os partidos non son mais cá súa expresión, e esto si que é á causa pra chorar. V. aínda sigue pensando na posibilidade de crear un só partido auténticamente de Galicia e pra Galicia, e aparte o feito de que a realidade social galega tan fraccionada non o permite, eso sería o que decíamos antes: somete-los pobres ós ricos, os opresores ós oprimidos, como de feito fixéron tódolos partidos das chamadas "democracias cristianas" que astra hoxe se deron.

Eu non estou tan seguro como vostede de que Galicia non será nunca marxista. Non o sei. Se nunca chega a selo, quererá dicir que en Galicia seguirá habendo opresores e oprimidos. Nós, os de PCG, como é natural, farémo-lo posible pra que Galicia chegue a ser marxista, e creemos que un día si o será —e daquela quedará demostrado, por iba de tódalas polémicas, que somos de verdade un partido absolutamente galego—, porque a clase traballadora está tomando a cada paso mais conciencia de si mesma, da súa forza e da necesidade de unidade de tódolos traballadores. Ela ten a palabra e a historia está nas súas mans, deixemos que os traballadores sexan os que en definitiva, digan se Galicia será marxista ou non. Só eles teñen dereito.

Santiago, 1 de nov. do 1.977.

Xoán ANDEIRO



**García Sabell, Presidente da Real Academia Galega**

Domingo García Sabell, senador galego por designación real, foi nomeado presidente da Real Academia Galega despois da morte de Sebastián Martínez Risco.

A VOZ DO POBO - 2

## Chema Pazos Varela

Secretario Político do PCG en Pontedeume morreu en Alemaña ós 26 anos de idade

## Santiago Cortés Iglesias

Militante do PCG na Facultade Medicina

Os vosos compañeiros recórdanvos



# Pacto político e pacto social

## Que se cumplan os acordos

A firma do Pacto da Moncloa subraia a confianza da opinión pública nos partidos políticos. Por fin, estes colleron a sartén polo mango e fixeron algo efectivo pra supera-la crise económica. Os comunistas estamos particularmente satisfeitos de ter acertado ó expoñe-la necesidade dunha concentración de esforzos pra saír da crise e pra salva-la nova democracia.

A cuestión reside agora en que se apliquen as medidas acordadas, no control da execución do Pacto. Concretamente, no referente ós acordos económicos: os traballadores respetarán o tope salarial do 22 por cen, sempre que os prezos non superen este porcentaxe na súa media ó longo de 1.978. Se Goberno ou empresarios non cumplan os seus compromisos, o Partido Comunista tampouco se sentirá obrigado.

Certamente, hai resistencias ó Pacto inclusive no seo da propia UCD, entre os empresarios... Os enemigos da democracia están interesados en que o Pacto fracase pra que se agrave a crise económica. Con increíble cegueira e irresponsabilidade, partidos e sindicatos minoritarios "esquerdistas" fanlle o xogo á extrema dereita coa súa hostilidade hacia o Pacto. O estrepitoso fracaso da manifestación do día 29, en Lugo, contra do Pacto da Moncloa —300 asistentes— é significativo do nulo eco popular que atopa esta política. Unha pregunta: ¿Qué facía a UGT alí?

Que ningún se sinta espectador. Sen presión da opinión pública, sen apoio activo das masas, o Pacto non se concretará nunha democracia máis consolidada e nunha reactivación económica —despóis dun ano de austeridade pra todos— que absorva a praga do paro.

O aumento salarial do 22 por cen non é automático. Pra chegar a el en moitas empresas e ramas haberá que acudir á folga no curso da negociación dos convenios. O Código do Traballador, a anulación do artigo 35, están aínda sen concretar. E igual ocorre coa anulación da cuota da SSA, e con moitas das reivindicacións obreiras, campesinas, mariñeiras, e coa reformas sociais, contidas na letra e no espírito do Pacto, que terán que desenrolarse agora nunha serie de decretos e normas legais. A conquista de reivindicacións populares e democráticas, polas que tantas loitas houbo que facer, pasa hoxe pola defensa, aplicación e profundización do Pacto da Moncloa.



A previsión do documento económico da Moncloa é que a inflación baixe no 1.978 do 30 por cen ó 15 por cen. Na opinión dun semanario, esta subiría ó 50 por cen a fins do 78 e ó 80 por cen un ano despóis, no caso de que non se tomasen medidas axeitadas.

Frente a unha crise económica tan grave urxía unha saída a tempo antes de que a inflación e o paro galopantes nos levaran ó caos económico e político, antes de que a dictadura recén enterrada resucitara.

Foron os partidos políticos que recibiron os votos da clase obreira o 15 de xuño os que negociaron na Moncloa cos partidos da burguesía, e co Goberno, a solución da crise a medio prazo. De xeito que os sacrificios populares fosen mínimos, que a democracia resultase consolidada e que se iniciaran reformas sociais progresivas.

O pacto político entre partidos políticos firmado na Moncloa non é un pacto social.

Pacto social foi o que intentou Suárez negociando coas centrais sindicais, foi o plan de estabilización de Fuentes Quintana que cargaba a maior parte da crise sobre dos traballadores, como oportunamente denunciou Ramón Tamames no Congreso de Diputados.



O fracaso deste intento de pacto social non deixou mais saída ó Goberno ca reunir a tódolos partidos —na línea do que xa propuxera o PCE— pra buscar un acordo máis equitativo, a base de manter o poder adquisitivo dos salarios, de apuntala-la democracia, de satisfacer puntos dos programas electorales de esquerda, e de recoñecer un espacio político de poder pró traballadores en importantes organismos oficiais: INI, Seguridade Social, Banco de España, IRIDA, FORPA, Caixas de Aforro, etc.

Dentro duns meses o Pacto Político —económico sería menos beneficioso pró pobo polo propio deterioro crecente da situación do país.

¿Que outras alternativas podía haber?

En Inglaterra o partido laborista, está impondo un tope salarial do 10 por cen, sendo a inflación do 25 por cen, e unha "flexibilidade de plantillas" libre.

En Portugal, outro partido socialista no poder, o PSP de Soares, anda a aplicar un aumento do 15 por cen dos salarios frente a un 30 por cen de inflación.

Nestes casos pódese falar con maior propiedade de pacto social. Nestes casos búscase e sempre que os sindicatos firmen a paz laboral, amplo recorte do poder adquisitivo, liberdade de despido e colaboración co capitalismo pra saír da crise sen reformas que, cando menos, rectifiquen o ouxetivo do desenrolo económico en beneficio da maioría da sociedade e en perxucio das ganancias duns poucos.

Outra "alternativa" e a ultra esquerdistista, é decir agudiza-la crise económica provocando folga tras folga, o mais duras posibles, co fin de arrancar aumentos salariales desproporcionados, pra facer deste feito "a revolución". Estos aumentos incidirían

nos prezos e na ruína das pequenas empresas, incrementarian mais o paro e farían imposible a reactivación da inversión. Por esta "vía" faise medra-lo sacrificio das masas, con total inconsciencia, sen contrapartida algunha. A revolución anti-capitalista, non pacífica, que pretende este tipo de táctica, traduciríase o mais seguro nun Hitler. Este subiu ó poder no 1.933 gracias a unha política de ultra esquerda seguida pola vanguardia do movemento obreiro alemán naquela época.

A título de exemplo vexamos como Eladio García Castro, do PTE se desliza, no seu furor contra o Pacto da Moncloa, pola pendente ultraesquerdistista, mesmo faltando á verdade. Di García Castro nun acto en Valladolid o 23 deste mes: "el programa es reaccionario porque congela la capacidad adquisitiva de los salarios en un 22 por cen mientras los prezos subirán en un 30 por cen". Mentira, a media da suba da carestía entre o 30 por cen a finais do 77 e o 15 por cen a finais do 78, equivale aproximadamente ó 22 por cen do tope salarial.

"Traerá consigo restriccións crediticias a los pequeños y medianos empresarios". No capítulo monetario dos acordos económicos especifícase que o crédito oficial, as Caixas de Aforro e o propio crédito bancario privado reforzarán a súa atención á pequena e mediana empresa.

Seguimos: "No ofrece prezos de garantía a los campesinos ni la colocación de los productos en el mercado". No documento do Pacto leemos que "la política de prezos agrarios y la fijación conjunta de prezos para la próxima campaña se elaborará con la participación de las distintas organizaciones y sindicatos agrarios".

Tamén afirmou o orador que o programa da Moncloa "mantiene el deterioro de la situación de los pensionistas". Mentras que "para el año 1.978 —citamos de novo textualmente o documento firmado polos partidos con representación parlamentaria— y con efectos a partir del primero de enero se incrementará la masa global de las pensiones en un 30 por cien y se distribuirá su cuantía de forma que incida progresivamente en las más reducidas".

Por último, pra evitar que sirva de base á demagogia ou a medidas ilegales das empresas, clarifícase a aplicación do 5 por cen de redución de plantillas de que fala o Pacto da Moncloa. Citamos literalmente do apartado da Política de Rentas: "Se autorizará en su caso la reducción de la plantilla hasta un 5 por cien de sus efectivos en aquellas empresas en que superen los niveles salariales antes indicados y siempre que ello sea consecuencia de las demandas sindicales...se evitará una ampliación discriminatoria de estas medidas por razones políticas o sindicales."

C.B.



(Na foto, Marcelino Camacho, secretario xeral das CC.OO.).

## O Pacto da Moncloa e o campo

A punto de pechar esta edición, chéganos do Secretariado Ampliado da C.S.G. das Sociedades Agrarias un importante comunicado sobre dos acordos da Moncloa e a súa concreción no campo galego. A falta de tempo e de espacio impídenos dalo enteiro como quixéramos. Veleiquí algún dos seus párrafos.

Os acordos suscritos na Moncloa entre o Goberno e os partidos políticos con representación parlamentaria, en relación co tema da Seguridade Social Agraria, en canto a equiparación co réxime xeneral, revisión dos sistemas de cotización e dos criterios de prestacións e fixación da cuantía das cuotas, tanto de empresarios como de traballadores, poden representar un paso importante, sempre que se parta do criterio de que o traballador autónomo de campo en Galicia nada ten que ver co empresario, e non pode seguir cotizando por partida dobre: como traballador e por outra banda como patrón. Tanto neste senso, coma no de reclamar a instalación de centros médicos nas comarcas e servicios de urxencia nas

diversas localidades, debe manterse e extenderse a mobilización do NON PAGAR, e promover tódalas accións que obliquen a concreta-lo compromiso de dar un tratamento prioritario os problemas da agricultura.

O papel que se recoñece as institucións autonómicas en canto o desenrolo dunha Lei de Reforma e Desenrolo Agrario, a democratización das Caixas Rurales; a definición do Cooperativismo a partir do principio "un home, un voto", a política de comercialización e crédito, son outros dous elementos esperanzadores que se desprenden do comunicado dos participantes nas reunións da Moncloa, que esperamos non defrauden unha vez máis ó sector agrario á hora da súa aplicación.

## o fillo de breogán

pepe-77







## As feministas, a Moncloa e a política

Considerando que a problemática feminista non está demasiado asumido no Partido e crendo que vai sendo hora de tomala mais en serio, especialmente quitarlle ese tono despectivo que ten cando se fala de feminismo, mantivemos un pequeno diálogo con feministas da organización zonal da Coruña. Teresa Varela, Concha Pena, Marta Antuña, Chari Dalda e Loli Vázquez, son as participantes no diálogo e a súa militancia repártese entre o MDM, e a AGM. Tamén catro delas están afiliadas a CC.OO.

— A amnistía recentemente concedida, ¿pode ser chamada total ou creedes que, pola contra, cómpre contempla-los delitos específicos da muller pra selo?

— Dende o momento que os chamados delitos da muller foron por dársele nun sistema totalmente antidemocrático, no cal os dereitos que se teñen noutros países non existían, consideramos que é tal a falta de libertades á que provocou o delito e polo tanto a súa consecuencia.

Neste sentido pensamos que sería mais convinte falar de delitos sociopolíticos, polo que a súa inclusión nunha verdadeira amnistía total estaría asegurada.

Tampouco podemos esquecer que a lei de peligrosidade social responde a un momento político concreto —a dictadura—, polo que moitos marxinalizados que a sufriron deberán beneficiarse da democracia que nace.

— Nestes momentos, nos que o Pacto da Moncloa ocupa o centro da política, ¿védesvos postergadas nos acordos?

— Bastante, posto que ademais de non contempla-la problemática da muller como tal, consideramos que as consecuencias negativas (caso do 5 por cen de despedidos) sufríanas en maior grado as mulleres.

Pensamos tamén que non abonda con despenalizar-los anticonceptivos, aborto, etc., pois é preciso institucionalizalos, facilitando o libre uso dos mesmos ó traveso da Seguridade Social, cunha planificación familiar...

— A subdirección que vos concede Pío, ¿sirve realmente pra algo?

— Dende aquí opinamos que, sen estarmos pechadas ó diálogo, consideramos que dadas as condicións que hoxe ten o movemento feminista, non é moi positivo participar na subdirección que ofrece o Goberno.

Ademais convén resaltar que o movemento debe ser independente do Goberno, de calquera goberno. Negociaremos, eso si, sempre en base a conseguir algo que permita reforzar a nosa posición de loita.

— Antes de facervos a pregunta seguinte quixera que me comentarades unha frase de Carmen Santos, na revista "Saída", onde di que a AGM. é o único movemento feminista cunha práctica real na nosa terra.

— E unha postura triunfalista, e consideramos que unha dirixente do MC. debe facer unha análise mais seria acerca da forza real dos movementos feministas en Galicia. Por outra banda, nestes momentos nos que aínda estamos en estado embrionario tódolos movementos feministas, non é ocasión pra andar con disputas sobre de quen está mais implantado ou é mais feminista.

— ¡Feministas e traballadoras, CC.OO. é o voso Sindicato! ¿Como está

o tema polas CC.OO.?

— A crítica que podemos facerlle ás Comisións Obreiras é fundamentalmente por non reflexar nas súas reivindicacións a problemática da muller traballadora. Dende logo, entendemos que boa parte, da culpa téñena as propias mulleres de CC.OO., pois se queremos que seña asumida a nosa problemática temos que ser nós quen a planteemos.

Nestes momentos, diante das eleccións sindicais, é importante que collámo-lo lugar que nos corresponde na defensa das nosas reivindicacións, como traballadoras e como mulleres.

Tamén hai que dicir que, pra impulsar este traballo, debemos recoller as experiencias das compañeiras de CC.OO. en Madrid e Barcelona, que levan a cabo unha atención específica á problemática feminista no terreo sindical.

— ¿Que xuicio vos merece a atención que prestan os partidos de esquerda ó feminismo?

— Pensamos que teñen pouco asumido o tema, aínda que son os únicos ouxetivamente capacitados pra faceren algo.

— ¿Cal é a vosa actividade, tanto dentro como fora do Partido, pra impulsar o traballo feminista?

— Ultimamente fíxose unha asemblea de mulleres da que saíron unha serie de resolucións como son: crear unha comisión zonal da muller, crear comisións nas agrupacións pra impulsar o traballo no fronte feminino, cunha responsable no comité da agrupación, fomenta-lo debate ideolóxico no seo do partido pra que asuma a problemática feminista; tamén se viu a necesidade de potenciar cuadros femininos, neste sentido e pra favorecer a participación da muller viuse moi importante o montaxe de garderías prás horas de xuntanza.

Cara fora, viuse a necesidade de impulsar a participación das mulleres do Partido nos diversos aspectos do fronte feminino: movementos feministas, vocalías da muller nas asociacións de veciños, CC.OO., etc.

— Parece que tedes algunhas perspectivas concretas pra ir tirando, pero ¿podemos ser chamados o Partido da liberación da muller?

— Aínda ten que mellorar bastante pero o mais grave nestes momentos é a falta, tanto no PCG, como no PSUC, como no PCE, dunha opción clara de Partido cara ó movemento feminista. Isto leva a que as mulleres do Partido militen en diversas organizacións feministas e con diversos planteamentos cara ós problemas concretos.

Dende logo o que si esperamos é que o Partido será o voceiro nas Cortes dos problemas da muller.

Corresponsal, A Coruña.

Zonas verdes que mudan de coor, papeles que desaparecen...

## ¿Espiritismo ou alcaldes do franquismo?

(Conversa con X. L. Dalda)

Ante a crise pola que atravesamos o goberno do municipio coruñés, falamos con Xoán Luis Dalda, arquitecto especialista en temas urbáns e membro do Comité Provincial da Coruña do PCG; tamén participa nos traballos da Comisión Electoral do PCG.

**A VOZ DO POBO.**— A desaparición do avance do Plan Xeral, ¿é un feito aillado ou responde a unha falta de responsabilidade na dirección municipal?


**DALDA.**— Creo que responde ó fallo dunha política municipal, un fallo mais aparente ca real, pois o que pasou foi que o Avance estivo fora da circulación dende mediados de xuño. Non se sabía que tiñamos un documento dese tipo, pero o caso é que foi entregado e polo tanto o alcalde e parte da Corporación controlaron a información que proporciona o Avance durante cinco meses.

Todo isto indica unha política municipal que oculta documentos públicos, documentos que tiñan que estar ó servizo dos partidos políticos, das Asociacións de Veciños... Quere dicir que esta política non é aberta, é unha política municipal de costas á cidade e pode, polo tanto, dar lugar a feitos de especulación e corrupción.

fin, é a concreción a nivel coruñés dunha política municipal correspondente ó franquismo. Unha política que se mantña en dous pés: Por unha banda, o control do chan urbán, levado a cabo por grupos monopolistas, grupos mixtos de especuladores, construtores e promotores, e os propios concelleiros e alcaldes, e por outra banda, a política de concesións de servizos públicos a empresas monopolísticas ou representadas no Axuntamento.

No caso concreto do Avance, a súa desaparición permite que un grupo reducido de concelleiros e o propio alcalde teñan, durante cinco meses, o control do mesmo, é dicir, sabían se o Plan variaba a calificación urbanística de determinados terreos ou que terreos serían incluídos dentro do Plan. Tales coñecementos permiten levar a cabo unha serie de operacións determinadas.

**V. do P.**— Diante deste panorama,



O Axuntamiento da Coruña: Watergate á galega.

**V. do P.**— ¿Crees entón que a ocultación non é tanto produto da desidia municipal como de intereses privados?

**X.L.D.**— Creo que, en teoría, os intereses que debían mover á Corporación son os da cidade, pero na realidade a política municipal é movida por intereses dun grupo que defende os seus intereses, en concreto, os dun grupo que é representado polo alcalde Liaño.


Trátase de intereses moi concretos, que se manifestan en feitos como o da canteira de Sta. Margarita, onde se transformou unha zona verde en zona edificable e a súa posterior venda a un grupo privado. Que se manifestan no intento de darlle a concesión dunha planta trituradora de residuos urbáns a un grupo cercano a Liaño. Que se manifestou na política discriminatoria de aparcamentos, que se levou a cabo na cidade. En

¿cal pode se-la medida mais inmediata que cómpre pra sanea-la xestión municipal?

**X.L.D.**— Paréceme que é totalmente necesario, dada a situación, o cese do alcalde como directo responsable, como presidente dunha corporación que amosou a súa incapacidade pra afrontar-los graves problemas que ten planteados A Coruña.

Un alcalde que ten probado o seu carácter impopular, ó estar ó servizo dos intereses mais especulativos que se moven na Coruña, a súa incapacidade pra resolver-los problemas que ten planteados A Coruña derivados da súa expansión, da subdotación dos barrios periféricos, da falta de infraestrutura urbanística, da baixa calidade de vida, da destrución do centro urbán...

Faltando prás eleccións municipais é preciso que non se siga coa



política de feitos consumados, que non se lle deixe á futura corporación democrática unha situación difícil: cun forte déficit presupuestario, cunha serie de decisións xa tomadas que producirían danos irreversibles. Pra evitar eso, débese pasar xa a un control democrático, de acordo coa situación política xeral que vivimos. No caso da Coruña, débese formar xa unha Comisión de Control Municipal. Unha Comisión formada polos partidos mais representativos, contando co apoio do Gobernador Civil.


**V. do P.**— ¿Cal pode se-lo camiño pra lograr esa función fiscalizadora que tería a Comisión e que papel pode xogar ahí o Gobernador?

**X.L.D.**— Non coñezo abondo a Lei de Réxime Local, pero existen facultades por parte do Goberno Civil pra fiscaliza-los acordos municipais. De tódolos xeitos estes son aspectos mais técnicos que se irán concretando. O importante é sinalar que non se trata de ir ó Gobernador tanto por se-lo virrei da provincia —con poderes moi excesivos pra unha estrutura democrática— como de utilizar positivamente dita función de virrei nestes momentos nos que a política do Goberno e a da Oposición teñen unha base común.

**V. do P.**— Outra reflexión que me desperta a túa resposta é a seguinte: diante das eleccións municipais, unha das funcións da Comisión ¿pode se-lo restablece-la confianza do pobo coruñés, non só na xestión municipal desprestixiada, senón tamén nos partidos que controlarán o seu saneamento?

**X.L.D.**— Si, pero non só lograr esa confianza; tamén evitar que se tomen decisións comprometedoras pró futuro da cidade. Ademais, a confianza que poden ter por agora os partidos aínda é pouca, polo que o problema non reside tanto en gañar ou perder confianza como de senta-las bases pra unha futura política municipal democrática.

Xaquín Lopez, A Coruña.



Xoán Luis Dalda



# Feiras en Galicia

## Comercio e comunicación

A realidade galega é enormemente complexa e os problemas moi graves. Isto sábeo todo o mundo menos os que, dende Madrid, e non falamos só dos derradeiros coarenta anos, gobernaron e siguen gobernando de costas a esa realidade. Indiferentes diante deses problemas. O centralismo cerril ten unha parte determinante da responsabilidade de que chegásemos onde chegamos. E a ditadura franquista, que erigiu a presión centralista astra os derradeiros lindes, ó coincidir cunha época histórica de fondos e velozes cambios pró conxunto da humanidade, non ten perdón nin xiquer da "gracia" do dios das pesetas devaluadas. As nosas feiras tradicionais veñen morrendo ó ritmo do decrecemento vexetativo da nosa poboación agraria. Os intentos de vitalizar

uns mercados gandeiros comarcales, atopan como resposta unhas veces a indiferencia, cando non a oposición polos xeitos cos que se decide a súa ubicación, e ás menos unha revitalización da actividade comercial. E mentres o Sr. Suárez e os seus ministros —ós que os da oposición botamos un cable cando se terciá— andan a negociar coa Comunidade Económica Europea a entrada de España, aínda unha lacra numerosa de pícaros é capaz de busca-lo seu medio de vida "gardando" as reses que os campesinos levan a vender á feira. E por outra banda —ou pola mesma banda, pois a connivencia cos tratantes é evidente— os matadeiros, moitos deles con capital estatal, non se quedan atrás á hora do engaño organizado.

### Comercializar, pero ¿cómo?

Un dos primeiros problemas con que se atopa o campesino á hora de comercializa-los seus produtos, é o duns precios de garantía moi baixos en relación cos custos, cando non a sinxela inexistencia deses precios garantizados, quedando así á mercede das flutuacións do libre mercado dos monopolios.

No outro extremo do proceso, o consumidor non dá creto ó que ve cando ten que pagar ese produto o dobre, o triple ou aínda máis do que percibiu o produtor.

A intermediación ten que pasar de ser terreo de ninguén —na linguaxe actual, cousa de "incontrolados"—, a ser asunto de todos, produtor e consumidor, pra que o que hoxe representa a tallada do león pase a revertir en beneficio do precio ó produtor, ó tempo que abarate o precio ó consumidor.

Esto non é ningunha utopía. Trátase de promover e apoiar formas cooperativas neste terreo a nivel de consumidor e produtor, e tamén de pequenos comerciantes, estreitamente interrelacionadas unhas coas outras. Trátase de ter un control democrático e directo sobre dos mercados

e organismos reguladores por parte dos sectores afectados. Trátase de que empresas como os matadeiros con capital público esteñan controladas por unha administración democrática que seña capaz de borralo estilo vello e erradica-la corrupción facilitada pola ditadura. Trátase de limitar prebendas e exclusivas prás centrales leiteiras e erradica-lo fraude por partida dobre que estas protagonizan —descontos falsos ó produtor e degradación da calidade do produto ó consumidor.

E trátase de cambia-los hábitos da política comercial exterior que, unhas veces a base de importacións de carne conxelada a cambio de pedidos de barcos; outras a dependencia de suministro de produtos básicos pra agricultura e gandeiría como a soja e millo dos americanos, xunto coas importacións "políticas" ou de choque, completan o exasperante cadro de inseguridade do noso sector primario.

E todo isto, nin que decir ten, doblemente complicado diante da perspectiva de entrar a competir de

frente coas agriculturas europeas, non só coas naranxas e melocotóns.

### Revitaliza-las feiras

As nosas feiras tradicionais —as que aínda subsisten— están en evidente trance de desaparición. Son moitas as que deixaron de celebrarse. As razóns son varias: falta de campesinos novos nas zonas e explotacións máis atrasadas; cambios en certas formas de comercialización; transporte, etc.

Pensamos que a proliferación destas feiras ten a súa xustificación na nosa realidade, de forte espallamento da poboación, e hoxe, no camiño de dar cunha saída de transformación democrática pra agricultura galega, estas poíderan xogar un papel interesante. Mais diante dos mercados de gando e da súa significación.

Por unha banda, a feira deberá promover-lo acceso do agricultor a unha serie de produtos comerciais que posiblemente non atope no comercio local. Tamén a información sobre mecanización, novos métodos de cultivos e tratamentos, sería de interés ó acercalos ó traveso destas concentracións de agricultores.

Por outra parte, a comercialización e adquisición de plantas, inxertos ou semellantes que a propia zona —ou outras semellantes— produce e consume, xustifica o manter estas feiras.

A propia información sindical, e mesmo política, podía ter un marco axeitado nestas ocasións.

A feira non ten nada de tradición folklórica, xa que a súa existencia responde a razóns e necesidades moi concretas, que hoxe, como viñemos sinalando, son diferentes ás de outros tempos, e que a adaptación da súa función a esas novas necesidades sería indubablemente un elemento revitalizador. O que é indiscutible é o carácter de institución de encontro e comunicación entre veciños que estas concentracións periódicas teñen, das que hai que valorar-la súa importancia.

Vicente MONTOTO



## Mar: Os problemas do "Can"

O conflito do "can" atópase nunha situación perigosa na que existe o risco de quedarse anclado nunha simple toma de posicións en favor e na contra por parte dos diferentes sindicatos e forzas políticas, da que somentes saírían beneficiados aqueles que controlan os precios de compra.

Astra o de agora, as posturas adoptadas sobre do "can" veñen sendo planteadas dende puntos de vista políticos e económicos preferentemente, na medida en que perxudica directamente os ingresos dos miles de mariscadores que utilizan o tradicional sistema da "vara", sin ter en conta plenamente o desequilibrio social que supón na normal evolución hacia unha progresiva modernización do sector que englobe a tódolos traballadores, a utilización de dous sistemas de explotación con rendementos tan diferentes. Sobre de todo, se este desequilibrio ven dado no cativo nivel de desenrolo industrial da explotación marisqueira de Galicia.

O mesmo tempo, se, por unha

banda, o "can" non está permitido nin homologado, utilizándose indiscriminadamente e de forma clandestina tampouco existen estudos elaborados que permitan coñecer con exactitud en qué medida o "can" deteriora o normal desenvolvemento, da vida biolóxica no chan marítimo, nin en que zonas sería posible a súa utilización. Sin embargo, nestes intres son moi poucos aqueles que dispoñen dun barco en condicións axeitadas pró arrastre do "can", frente ós moitos miles de familias que viven do uso da "vara", aínda que sexa a conta dun gran esforzo físico e unhas condicións de traballo moi duras e artesanais. Estando baseado aquí, tanto o desequilibrio social como económico.

L. Baltanás.



Santiago Carrillo na Festa do PCE

## A festa

—iMarchando tres viños "Fino Libertad".

Así de "farruca" iba a festa. E e que non se podía aturar aquilo... Como decía o cantante portugués Lius Cilía, "somos millois na terra enteira". Foi tanto e tanto que merece a pena dar un repaso a todo o que alí se viviu, porque aquilo foi vida, si señor, e non esas horteradas que fan os demáis. E é que a cousa foi pra presumir, e pra que tódolos demáis aprendesen, pra que visen que hai unión entre todos nós. En fin, que vaian tomando nota...

—Déame tres caretas de Santiago Carrillo.

30 pabellóns, 30, dos pobos de España estaban repartidos polo recinto da Feira do Campo. O mesmo te tomabas un "botillo" en León ca un fino champagne, perdón, "viño espumoso" en Cataluña, unha paella en Valencia ou pulpo a fartar en Lugo. Todos xuntos pero non revoltos. Todos unidos, coñecendo xa dende había moitísimo tempo, saudando a tódolos compañeiros que alí estaban.

—iAlibote, alibote, fascista o que non bote!

E todos a unha saltando, coma un inmenso mar de liberdade.

Foron dous días apretados de programa, pero grandes de convivencia. Un anfiteatro inmenso, con miles e miles de camaradas, centos de simpatizantes e ducias de amiguetes...

—Estase vostede pasando, mozo...

Case tódolos que estaban anunciados cantaron e recitaron. Despois, ó longo daquelas horas que a cada paso se nos facían mais cortas, viñeron mais, porque querían experimentar aquela "extraña sensación de liberdade" que non sentiran en coarenta anos. Alí estaban Benedicto e Luis Otero, Bibiano, Adolfo Celdrán, Rosa León, Aguaviva, Ana Belén e Víctor Manuel, La Bullonera, Manuel Gerena, Elisa Serna...e non sigo porque non me gusta presumir.

—O pece é demasié...

E e que non todo consistía en enche-la plaza de Oriente pra demostrar que Europa nos odiaba, home. Que alí había presenza de Francia, Italia, URSS, Polonia, Bulgaria, Rumanía e do resto do mundo.

—Pois eu estou pensando nun viaxe a Rumanía. A ver se a doctora Asland me deixa como ó Camacho.

Os cinéfilos estaban de nora-ba. Houbo quen non durmiu en tres días despois de ver "O acorazado Potemkin" porque era moito ver unha das obras maestras do cine.

Outros paseaban "este corpo que non mereco" por unha das salas de baile e marcábanse un par de chotis, ou un balapa-

pá, que os comunistas divertímonos como todo o mundo. Os nosos compañeiros de "Mundo Obreiro" non bailaban, non. Andaban por alí con miles de exemplares do "extraordinario" pra que ninguén se perdesse. Tamén había que facer historia, que carballo, e montaron unha estupenda exposición acerca da historia do periódico: dende a clandestinidade astra hoxe, dende a multicopista que funcionaba a base de botarlle moita moral, astra a última rotativa que reproduce a fouce e o martelo en coor ben roxo.

Mamá, caca.

Prós nenos funcionaba unha guardería, con esas cousas que todos pedimos nas Asociacións de Veciños sen que ninguén nos faga caso: animadores, xogos infantís, tiouvos e area de río pra que as criaturas non se romperan a cabeza.

—Oiga, que eu a vostede viño por última vez na Serra Madrileña, alá polo 37...

E dábanse apertas, porque a emoción era moita. Que hai quen viu a Santiago Alvarez e Simón Sanchez Montero saltando unhas bágoas ó atopárense con vellos camaradas. E houbo unha aboa que se perdeu entre a moitedume porque andaba buscando a alguén que lle dixera adiós alá polo 36.

Despois falou Carrillo; Alberti recitou e A Pasionaria enviou un saúdo a todos: "esta gran festa que é xa unha expresión da vontade unitaria e combativa dos comunistas na loita por unha España de democracia e de liberdade..."

—O tren de Galicia sae ás 7 da tarde.

E alá volvemos case todos, porque houbo moitos que o perderon a propósito porque a festa duraba astra a noite. O PCG foi saudando dende Ourense astra Madrid, porque as nosas bandeiras víronse durante 600 km. O revisor xa pediu o carnet de Comisións Obreiras e tamén, creo, o maquinista e algún xefe de estación.

—Déame tres entradas pró próxima festa.

Luis RIVERO.





Levábamos dous días de chuvía e tivémo-lo noso primeiro descarrilamento. Digo noso polo da Renfe, posiblemente estaría mellor dicir eles. Os trens esbaran nos raíles húmedos das vías galegas. ¡Vaites, vaites! Os travesaños de madeira das vías galegas púndrense coa chuvía, púndrense coa auga de cada ano.

—Estas son cousas da democracia.

—Diga vostede da transición, forma ambigua e provisional. Diga vostede camiño gradual cara á democracia, pero non diga democracia.

—...pois eso. Que con Franco non houbera ocorrido.

E ten razón, con Franco non se houberan pudrido os travesaños das vías galegas. Formaban parte do camiño de ferro do centralismo. Como se iba pudri-lo centralismo con Franco. De tódalas maneiras non nos houbéramos enterado. Nin os travesaños se atrevían a pudrirse. Agora si, agora rómpense as relacións irracionais con Madrid. Derrúmbanse os travesaños podridos dende hai lustros. ¡Nin involución nin gaitas! Xa non hai aquel temor que mantiña daquela os travesaños incorruptos como brazos de Santa Teresa. ¡Aí! O brazo de Santa Teresa, que nos obrigaron a bicar ós colexiais dos sesenta, na súa xira santa por España, despois de que o xeral Franco decidese abandonalo como amuleto, antes de que fora a parar a calquera relicario.

Os mortos de Rande e os descarrilamentos do ano pasado, que foron moitos, lograron que se cambiaran os travesaños de Santiago á Coruña.

—Oiga, que se está pasando. Que nin os mortos de Rande nin os moitos, descarrilamentos foron producidos pola putrefacción dos travesaños.

—Xa cambiaremos los directores xerais, polo de agora hai que conformarse cos travesaños.

Descarrilou o primeiro tren da temporada...xa había dous días que chovía arreo. Virán mais. Mais chuvias e mais descarrilamentos. Agardámolo. Adivinámo-lo futuro e vivímo-lo adivinado. Mais que vivir, revivimos. Mais que agarda-la nosa estación de destino, agardamos descarrilar.

—¿En que descarrilamento se apea vostede?

Decía Barrio Doval, ineluctable modalidade das cátedras franquistas, catedrático de dereito na Universidade compostelana, que había que suprimir los vagóns de cola. Agora diría que había que suprimir los travesaños, as travesas. ¡Pois que os supriman! Lograríamos unhas vías con ondulacións, con baches e os trens andarían descarrilándose continuamente, que tamén é unha forma intelixente de quitarse a responsabilidade, astra que adprenderan a andar a brincos, ó gallope.

Doblouse o primeiro tren da temporada; pero non hai que lamentar desgracias persoais importantes, foron dous vagóns de segunda.

Xavier Otero.

## «La Buardilla» e o arte de facer guiñol



O longo de todo o mes pasado, tivemos por Galicia a actuación do grupo de guiñol, «La Buardilla».

Falar de guiñol despois de tantos anos que un levaba vendo aqueles por desgracia famosos «Chacolín» ou «Chupagrifos», por poñer un exemplo, héroes dun elenco no que participaban fadas, meigas, reises... todos eles persoaxes apartados da vida real de calquera pequeno, cunhas situacións sempre resolvidas pola forza bruta do superhéroe, ó cal os rapaces chamaban con berros a cada paso mais fortes, resulta un pouco traumatizante.

Un, que estaba acostumbrado a este guiñol da súa infancia, é polo que lle resultan dobremente atraíntes estes monecos, confeccionados enteiramente polos compoñentes do grupo.

Aquí non atopamos bos nin malos, fadas nin monstruos. Os seus persoaxes forman parte da vida cotidiana: o peluqueiro, o cocifeiro, o reloxeiro... todos

eles homes e mulleres da rúa, do barrio, cos conflitos propios destes sitios.

Os compoñentes de «La Buardilla» conciben os monecos, o guiñol, non só como mero entretemento senón que recurren a aquilo tan vello de que xa falaba D. Juan Manuel no seu libro «El Conde Lucanor»: entreter educando.

Pro, non so se quedan no ensino e no entretemento. Pra que esto se poida levar ó fin, esíxese unha participación dos nenos, non só como meros espectadores, senón como partícipes e parte principal da escena.

Así, poidemos ver ós rapaciños adivinando acertixos, inquirendo cousas, cantando..., en resume, sendo eles, nos dez minutos que dura cada pequena obría, o tempo mais aconsellable prá maior participación do neno, os partícipes directos da trama.

Antón GRANDE

## O galego de A VOZ DO POBO



Astra o de agora, a redacción de A VOZ DO POBO veuse acollendo ás regras lingüísticas que, dunha maneira provisional, dicitara o Instituto da Lingua Galega, refrexadas especialmente nos seus libros «Galego 1», «Galego 2» e «Galego 3».

A partir deste número, incorporámo-las modificacións que o citado Instituto introduciu; modificacións que, recolleitas nun folleto, axiña verán a luz.

Os cambios, non moitos nin fundamentais, poderá albiscales o lector se repara un pouco: desaparecen os acentos nas palabras agudas terminadas en diptongo decrecente (produciu, comeu, xantou...), nas agudas soldadas con guión ó artigo (colle-lo sacho, limpa-la eira...), nos adverbios en -mente (practicamente, rapidamente...), etc. A preposición astra perde o hache. Os grupos *cc* e *ct* perden a súa primeira letra cando van precedidos de *i* ou de *u* (diccionario, dictado, reducción...), etc. etc.

Acollémonos, eso si, sempre

que o Instituto deixe opción, ás formulacións mais sinxelas e populares. Así, escribiremos posible e non posíbel, materiales e non materiáis, etc.

Anque estas normas —que, repetimos, aínda non viron a luz— son moi discutibles nalgúns aspectos, convén respetalas e acollémonos todos a elas; non esquezamos que calquera outra normativa, fora cal fora, tampouco conseguiría unha absoluta unanimidade de criterios. A fixación dunha lingua ten sempre algo de corsé e un marxe de aceptación forzada; mais aínda na galega, orfa ó longo dos séculos de mecanismos unificadores e asediada arreo polo castelán. Pero polo menos, as dictadas polo Instituto superan, pra nós, ás da Real Academia Galega, basadas estas nos traballos —tan valiosos por outra parte— de Carballo Calero.

Pero eso será motivo de posteriores comentarios.


F.S.

## Inauguración da sede de Atocha - Monte Alto

Días pasados foi inaugurada na Coruña a sede da Agrupación Comunista de Atocha-Monte Alto.

Deuse, con tal motivo, unha festa na que houbo de todo: viño, comida, cancións, discursos e humor. Unha chea de veciños —os días anteriores repartíronse invitacións polo barrio— deu o seu apoio á iniciativa de facer desta sede a casa do barrio, onde calquera pode ir falar dos seus problemas cos comunistas.

Desta función das sedes nos barrios falou precisamente o secretario político do comité zonal. Tamén felicitou ós camaradas polo esforzo emprendido e comentou o momento político polo que pasamos.



## Victoria Armesto, edulcorado feminismo

VICTORIA ARMESTO autodefiníse: «moderada, feminista dende sempre, moi galega e de temperamento conciliador». ¿Qué mais se lle pode pedir a esta muller?

Tendo en conta, soementes, un dos seus adxetivos definitorios, o de feminista dende sempre, temos que preguntarnos: cómo pode ser esto dende o momento que ela considera que a muller española está ben representada nas Cortes, que o traballo de ama de casa é tan digno como calquera outro e que a parella humana é maravillosa tal como está. Aquí caben dúas interpretacións: ou as feministas de todo o Estado van por moi mal camiño, ou esta muller é unha verdadeira revelación pró feminismo. ¿Podemos considerarnos as mulleres representadas e defendidas nas Cortes por Victoria Armesto?

L.V.



Victoria Armesto e Fraga Iribarne: dous aliancistas en vías de liberalización.



## Tierno Galván

(En exclusiva pra A VOZ DO POBO)

1) ¿Que repercusións pode te-lo Pacto da Moncloa no ámbito político-económico español?

—Non é un pacto. É un entendemento vencellado que engloba ó poder executivo na vida económica en canto atañe ó proceso económico-social pra que o país poda dar un salto sen ningún condicionamento de tipo ideolóxico nin de programa político establecido. Isto pode ser, dun xeito ou outro, o preludio dun «gobierno de integración» política, social e económica, e chámoo así porque nós queremos que tamén participen os traballadores.

2) ¿Cal é a súa opinión sobre das Bases pra un Réxime Provisional de Autonomía pra Galicia que se van negociar co Goberno?

—Significan un importante avance no proceso de concentración e de descentralización e transformación de servizos administrativos, pero non pode haber un proceso político astra que non haxa unha norma constitucional que regule os límites do poder autonómico.

3) ¿Que significado pode te-la unión do P.S.P. con outras forzas políticas de cara ás municipais?

—Ten un significado positivo en canto que unha gran cantidade de parroquias poderán adquirir unha candidatura de esquerdas con características especiais (mentalidade rural e agro-pecuaria) moi peculiares polo seu contido popular.

Nós temos boas relacións cos comunistas e prás municipais temos convidado ir xuntos onde se poida, e isto non quere dicir que haxa excepcións.

L.B.



Aviso ós congresistas

# No marxismo "clásico" non hai solución pra tódolos problemas da xuventude

"O PC. italiano intenta atalla-lo seu alonxamento da xuventude esquerdista".

"O PC. italiano trata de reconciliarse coa mocidade"

Foron estes e semellantes os titulares cos que a prensa española recolleu a noticia do significativo seminario que ó longo dos días 7, 8 e 9 de outubro se celebrou no Instituto de Estudos Marxistas "Antonio Gramsci", entre especialistas vencellados á temática xuvenil e dirixentes do PCI., sobre "A crise italiana e as orientacións ideolóxicas dentro das novas xeneracións".

Aínda sin dispoñer de material suficiente pra unha análise profunda dos debates e as alternativas políticas apuntadas, si que é posible abordar, cos datos de que dispoñemos, o sentido global das discusións.

O debate levouse a cabo nunhas condicións extraordinariamente tensas. O 30 de setembro foi asasinado en Roma Walter Rossi, militante de Lotta Continua, por membros do MSI. (Movemento Social Italiano), de orientación neofascista. Isto desencadenou unha oleada de manifestacións nun clima de gran violencia. Outro acontecemento presente no ambiente foi a concentración de 20.000 mozos en Bolonia, durante a segunda quincena de setembro, convocada polos grupos "autónomos". O lugar escollido pra concentración era un claro intento de poñer a proba ó PCI.

En todo caso, o que convén resaltar é o desenrolo e o remate pacífico da concentración.

É importante sinalar isto, porque posiblemente noutro marco, intervencións como a de Giorgio Amendola terían un maior apoio entre os participantes no Seminario; "pódense aceptar críticas, dixo Amendola, e mesmo facer autocríticas ou rexeita-lo "compromiso histórico", pero hai que considerar que os nosos adversarios non son só os partidarios da violencia, senón tamén todas esas formacións de "extrema esquerda" ás que non lles recoñeceo lexitimidade. Non pode poñerme a discutir con quen nos insultan, porque a violencia verbal é o preludio da violencia física". Pra Xerardo Chiaramonte, membro da dirección, a cuestión xuvenil é o aspecto máis grave de crise italiana e obedece á decadencia do consumismo, ó paro laboral entre os xóvenes ó caos que existe na Universidade, á tendencia presente nas novas xene-

racións de querer pasar de "vitoria en vitoria", ó feito de que "as sociedades socialistas existentes non poden tomarse como modelo", ó dogmatismo marxista "que existiu no noso partido e aínda persiste", a considerar que os éxitos electorales fosen suficientes pra supera-lo divorcio entre os xóvenes, a clase obreira e o socialismo, e a levar unha actividade política e sindical que "foi en dirección contraria ás afirmacións sobre da necesidade dunha alianza entre a clase obreira e as novas xeneracións".

Un dos puntos do debate referíase á FXCI. (Federación da Xuventude Comunista Italiana) que perdeu no derradeiro ano o 14,6 por cento dos seus militantes (142.000 en xuño do 1976). Asor Rosa declarou que "está condenada a permanecer perpetuamente na retaguardia, porque é unha organización típicamente superestructural con escasas raíces na realidade social".

Nas súas conclusións, os comunistas italianos recoñecen que as súas "responsabilidades", os seus "límites", e os seus "erros" na política cara á xuventude.

Non cabe dúbida que o PC. Italiano realizou un esforzo serio, ó longo destes tres días de debate, pra comprender os diferentes aspectos da "cuestión xuvenil italiana"; sobre desa base, tratan agora de afrontar unha resposta política concreta pra evita-lo divorcio entre a xuventude e democracia, discusión —din— que ten que afrontarse sen as "ceirazóns dogmáticas do pensamento marxista".

O marxe dos debates e conclusións —que en todo caso responden á situación italiana que, anque con certas semellanzas, non é igual que a nosa—, o que me interesa destacar é o feito en si da celebración e carácter desta xuntanza, que ven a confirmar:

a) A "cuestión xuvenil" na Europa capitalista é un tema non resolto na teoría marxista.

b) A "cuestión xuvenil" ten un alcance maior cá actividade propia das organizacións políticas xuvenís. Plantea problemas e transformacións políticas e sociais que competen ós partidos políticos.

c) Hoxe, pra un partido de Goberno, pra un partido que fale en

nome da sociedade, pra un partido comunista como o noso, a "cuestión xuvenil" non pode ser unha compoñente marxinal da súa política. O Maio francés e o presente italiano demostran que esa compoñente pode chegar a dificultar e mesmo ivalidar unha alternativa política que non contemple correctamente a "cuestión xuvenil".

d) As rápidas transformacións económicas, sociais e ideolóxicas que se están operando na Europa capitalista, inflúen na xuventude dunha maneira máis inmediata ca no resto da sociedade, o cal debe obrigar ós Partidos Comunistas a unha revisión continua da súa política cara este sector.

e) As organizacións xuvenís comunistas poden abordar tan soio unha parte desa política.

Tanto o PCE. como o PCG. souperon forxar, na loita contra a ditadura, unha sólida alianza entre a clase obreira e o movemento xuvenil. Alianza que se escomenza a xestar a partir de 1956 cando en febreiro os estudantes de Madrid, divididos entre falanxistas e demócratas, protagonizan enfrontamentos na rúa nos que se solicita a abolición do SEU, que se reforza nas folgas obreiras do 62 e, sobre de todo, a partir do 67-68. En Galicia terá as súas raíces fundamentais nas loitas do 71-72.

Pro a realidade do país, e sobre de todo da xuventude, cambiou fundamentalmente nos derradeiros 3 ou 4 anos. Cómpre, pois, replantearse as bases dunha alianza obreiro-xuvenil pra defensa e a consolidación da democracia.

Por isto, o III Congreso do PCG. debe ir precedido dun debate en profundidade sobre da "cuestión xuvenil galega", enfocado cara á formulación dos eixos fundamentais pra formación dunha Alianza entre a clase obreira e o movemento xuvenil pra conquista da Autonomía e a consolidación da Democracia en Galicia. A riqueza e resultados do debate estará en relación directa coa calidade do material de que dispoñemos. Sería imprescindible que ese material fose preparado por un equipo formado por membros da dirección do PCG., especialistas relacionados coa temática xuvenil —pedagogos, sicólogos, mestres e sociólogos—, e dirixentes da XCG.


Pedro COMANTES.



## Selectividade en Medicina

### Por fin, victoria

Os 750 estudantes que tiñan solicitada plaza na Facultade de Medicina en Santiago, foron ó final admitidos, despois dalgúns días de tensión nos que houbo encerros, cos pais dos "non admitidos", encadenamentos na rúa, manifestacións, e outros actos de forza. Coa inesperada creación dunha segunda facultade de Medicina, o problema en concreto resólvese, pero non a falta dunha planificación das prácticas utilizando tódolos centros sanitarios galegos e a implantación dun ensino axeitado ás necesidades de Galicia, descoñecendo tamén dónde, cando, e cómo vai funcionar esta segunda Facultade.



## Mitin no Ferrol

«É necesario que a Xunta de Galicia reflexe unha política de unidade galega»

Organizado polo Comité Zonal, celebrouse o 21 de outubro pasado un mitin no Ferrol, ó que asistiron máis de 2.000 persoas. Intervíñeron o secretario xeral do PCG, Santiago Alvarez, e Rafael Pillado, facendo as presentacións Xosé Piñeiro, secretario do Comité Zonal.

O mitin tiña por oúxetivo dar conta ós traballadores e ó pobo do Ferrol, dos acordos da Moncloa e os seus efectos sobre da sociedade galega, así como a negociación e a mobilización pola Autonomía Galega.

Refiríndose ó Pacto da Moncloa, Rafael Pillado asegurou que non se trata dun "pacto social" como pretendían algúns, senón dun pacto político, coas súas verquentes económica e social. "Resolver esta crise é profundiza-lo proceso democrático, é avanzar cara á conquista da autonomía pra Galicia". "A crise ten que resolverse co consenso de todos, co esforzo de todos e non só duns poucos". Trátase dun acordo, dun plan de austeridade que asegure a aportación de toda a sociedade española, evitando calquera intento de volta atrás".

Refiriuse logo ós aspectos negativos do Pacto, resaltando a necesidade de velos no marco amplo do acordo e puntualizou: "se non se tomaran hoxe esas medidas, dentro duns meses poderían ve-lo seu despido non só un 5 por cen, senón plantillas enteras".

A continuación entrevistou Santiago Alvarez, saudando ós cidadáns do Ferrol, da vida social e da vida militar.

Mencionou a Constitución que se está elaborando e resaltou o feito de que se recolla a idea de "nacionalidades e rexións no marco da unidade do Estado".

Dixo, referíndose ó Pacto da Moncloa: "Os comunistas reclamamos un Goberno de Concentración e se aínda non foi posible, si témo-lo Pacto da Moncloa, que refrexa unha política de concentración". "Trátase dun Pacto histórico, sin precedentes, pra resolver os problemas máis acuciantes que temos hoxe e con elo consolida a democracia".

Indicou que o PCE propuxo unha ducia de leis pra afronta-los problemas de campesinos e gandeiros. Referíndose á Autonomía galega, dixo: "Os comunistas apoiámo-las negociacións dos parlamentarios galegos, anque non responda ás nosas aspiracións, porque representa a apertura do camiño cara ó estatuto de autonomía".

Planteou a necesidade dun "Pacto de Rajoy" que permita aplica-lo da Moncloa á realidade de Galicia: "É necesario —dixo— que a Xunta de Galicia refrexe unha política de unidade galega".

Expresou o desexo dos comunistas de constituír cara ás municipais, candidaturas de unidade democrática nas que estiveran tódalas forzas democráticas.

Despois do mitin, nunha xuntanza de máis de 60 dirixentes do Partido naquela comarca, debatíronse os temas do mitin.



Na foto da esquerda, o secretario xeral da Federación da Xuventude Comunista Italiana. Na dereita, manifestación en Milán.



## Subscríbete a «A VOZ DO POBO»

Aptdo. de Correos 1029 - Santiago



## SANTIAGO

### II Conferencia

### Elexido o Comité Zonal

A organización de Santiago do Partido Comunista de Galicia celebrou na Facultade de Económicas, durante os días 29 e 30 do pasado mes de outono, a súa II Conferencia, coa asistencia duns 80 militantes. Asistiron tamén o responsable do Comité Provincial, Bescos, así como unha delegación do Comité Executivo formada por Anxel Guerreiro e Xulio Pérez de la Fuente. O secretario do PCG, Santiago Alvarez, acudiu á derradeira sesión e fixo unha intervención sobre do Pacto da Moncloa, a cuestión da autonomía galega e as eleccións municipais.

O orde do día comprendía o debate sobre da aprobación do método de elección do novo Comité Zonal e a lectura e discusión das ponencias e informes referentes ó Campo, á Cultura, Movemento Cidadán, Movemento Obreiro, organización e Universidade, así como un informe e balance do antigo responsable político, Xosé García; por último, a elección do novo Comité Zonal.

Este orde do día quedou moi apretado, debido ó alongamento da discusión sobre do método de elección.

A conferencia puxo de manifesto a pouca implantación na zona de Santiago, así como a necesidade dunha maior inserción na sociedade santiaguesa e a penetración no campo máis posible agora polo novo tipo de organización zonal.

Denotouse, asimismo, a necesidade de desenrolalo Partido no movemento obreiro, sector no cal a nosa incidencia é moi baixa e de fortalecer a unidade obreira de cara ás eleccións municipais, as cales deben supoñer un gran salto adiante do Partido cara unha maior incidencia social e cidadana. Sinalábase nesta ponencia a necesidade de prestarlle máis atención a este movemento tan importante na vía eurocomunista ó socialismo, e tamén se apuntaban unhas liñas de avance cara ó logro destes oxetivos.

Xa avanzada a noite do domingo a Comisión de Candidatura presentou a súa proposta de Comité que, logo de ser discutida, pasou a votación, resultando elexidos os seguintes camaradas: Xosé María Alvarez (sociólogo), Carlos Lago (economista), Xosé Lamela (obreiro), Miguel Cancio (profesor de Universidade), Antonio Liñeira (traballador autónomo), Manolo Fernández (estudiante), Xoán Lois Pintos (profesor de Universidade), Xosé Sabell (obreiro), Luís Pasín (traballador autónomo), Carmen Rey (ATS) e Vicente Rodríguez (estudiante). O novo responsable político é Xosé María Alvarez.

Damián A. Villalaín.

## Monseñor Araúxo Iglesias, bispo de Mondoñedo - O Ferrol

# Cara unha Igrexa galega

Cando monseñor Araúxo Iglesias, bispo de Mondoñedo-O Ferrol, publicou "A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega", primeira pastoral redactada enteiramente en galego, a escandalizada *Hermandad de Alféreces Provisionales* de Lugo respondeulle decontado: "Si usted quiere hablar en gallego desde el púlpito le aconsejamos que nos presente una traducción para seguirlo". Era --avergonza decilo-- no ano 1.975. Evidentemente, un pensa que ós alféreces provisionales de Lugo, bufóns do máis intransigente centralismo, xordos á semántica galega, non lles chegaría unha simple tradución: os seus ouvidos non están afeitos a calquera resonancia popular. Noustante, monseñor Araúxo non era máis ca un moderado portavoz do que, reducidos pero dinámicos sectores da Igrexa galega, planteaban con maior radicalismo: o compromiso cunha lingua asballada e, ó seu traveso, a solidariedade cos seus falantes: a maior parte do pobo galego.

Se a nivel de Estado os presupostos de monseñor Araúxo poden situárense entre os dunha maioritaria xerarquía eclesiástica que rexeita o capitalismo sen acoller alternativas socialistas, cómpre situalo nas nosas coordenadas específicas --sociedade rural, tradicionalismo ideolóxico, problemática nacional, diglosia lingüística, etc. --pra comprende-lo seu papel de avanzada da Igrexa galega.

A presente conversa celebrouse logo do IV Concilio Pastoral de Galicia, que se celebrou en Santiago os días 15, 16 e 17 do pasado mes de outono. Os traballos deste ano representaron, pra uns, certa involución, pra outros, a confirmación dos ventos renovadores que escomenzan a entrar na Igrexa galega. Temas conflictivos como o do celibato, a lingua, a autonomía, etc., estiveron presentes nos debates dunha Igrexa na que as súas frebas máis sensibles empezan a asumir-la nosa particularidade nacional.

**MONSEÑOR ARAUXO.** -- No limiar desta conversa e coa finalidade de evitar toda ambigüedade ou calquera xeito de instrumentalización das miñas palabras, quixera clarear algúns puntos: Primeiro: eu tento de acoller garimosamente a toda persona que se achega a min, teña esta a ideoloxía que teña. Segundo: Eu non son marxista. Dende a miña fe cristiá e a miña opción por Xesucristo atópome coa incompatibilidade entre a miña creencia relixiosa e o marxismo, non só no campo do materialismo dialéctico ou filosófico, senón tamén no campo do materialismo ou análise histórica marxista, polo menos sempre que esta me afogue nun inmanentismo materialista, que rexeite todo valor transcendente. A análise que Marx fai da relixión coído que é moi superficial e nada científica.

**A VOZ DO POBO.** -- ¿Que representou prá Igrexa galega este Concilio Pastoral?

**M.A.** -- Representou un acontecemento excepcional pra anova-la vida e a pastoral da Igrexa galega. Certamente non se levan acadados tódolos anxeos que algúns puxemos nel; nembargantes, coído que, sen ser triunfalistas, lévanse conquistados algúns froitos, que a el se deben.

**V. do P.** -- ¿Houbo ausencias importantes?

**M.A.** -- Sí, dende un principio houbo ausencias importantes. Este ano, cecais un pouco máis. Non deixa de ser curioso que estas ausencias veñen determinadas polos dous extremos ideolóxicos. Uns non quixeron saber nada, ben por desidia, ben porque lles parecía que o Concilio era algo subversivo e pouco menos que herético. Outros, ás avesas, porque lles parecía que o Concilio non iba ter mordente, iba ser cousa augada, manexada e tele-dirixida polos bispos. O caso é que todo o mundo, cando lle interesa, bota man do que o Concilio aprobou.

**V. do P.** -- O tema do celibato sacerdotal foi un dos que levantou máis polvoreda...

**M.A.** -- En tódalas Xuntanzas xenerales houbo

algún tema conflictivo. Así, hai dous anos, aínda no tempo do franquismo, foi o tema da acción política e sindical dos leigos na sociedade. Aquela Xuntanza estivo a punto de ser prohibida polas autoridades gubernativas. O ano pasado, cecais o tema máis conflictivo foi o que se refería ó uso da lingua galega. E certamente, este ano foi o tema do celibato e mailo da opción política dos sacerdotes. Pero sempre nos levamos movido na dialéctica hegeliana pra rematar nunha proveitosa síntese.

**V. do P.** -- ¿Que transcendencia tiveron, dende o seu punto de vista, as dúas ponencias presentadas sobre do emprego da lingua galega no Concilio e sobre da autonomía?


**M.A.** -- Non se trata de ponencias senón de mocións que se presentan á Asamblea suscritas por un certo número de assembleístas. Eu penso que tiveron moi boa aceptación, tanto por parte do Consello de presidencia, formado polos bispos, como por parte da maior parte dos assembleístas. En concreto, a moción presentada sobre do case ningún uso da lingua galega, tanto nas ponencias como nos debates, coído que foi moi oportuna, pois dalgún xeito a Asamblea estaba negando na práctica o que aprobara o ano pasado.

**V. do P.** -- A conquista dun réxime autonómico pra Galicia, ¿que repercusións pode ter dentro da Igrexa?

**M.A.** -- Se entendín ben a pregunta, teño que dicir que non. Os cristiáns dende unha mesma fe, poden coller distintas opcións políticas, sempre que estas non afoguen ou desvirtúen a súa identidade cristiá.

**V. do P.** -- ¿Pensa vostede que unha actitude cristiá implica unha opción política determinada?

**M.A.** -- Se entendín ben a pregunta, teño que dicir que non. Os cristiáns dende unha mesma fe, poden coller distintas opcións políticas, sem-



pre que estas non afoguen ou desvirtúen a súa identidade cristiá.

**V. do P.** -- Hoxendía, é unha realidade a militancia de numerosos cristiáns no seo do partidos eurocomunistas, mesmo a nivel de dirixentes. ¿Cómo enuncia monseñor ise feito?

**M.A.** -- Bueno, eso de numerosos poderíamos deixálo en "algúns". En canto ó problema que me plantea, eu direiche que teño moito respecto ás persoas e penso que deben ser elas as que se deben xuzgar a si mesmas. Eu persoalmente, como xa che dixen, aínda non atopei a posibilidade de facer compatible a fe cristiá coa militancia verdadeira nun partido político que se basea fundamentalmente nunha ideoloxía pura marxista. Outra cousa pode se-la colaboración nalgúns oxetivos concretos.

**V. do P.** -- O debate das relacións entre a Igrexa e o Estado, nas Cortes da II República, foi ún dos que máis afondaron a fenda aberta entre as "dúas Españas". Hoxe, anque afortunadamente aquelas feridas están cicatrizadas, o tema terá que ser recollido na futura Constitución. Cál é a súa postura ó respecto? ¿de qué xeito a Igrexa debe estar vencellada ó Estado?

**M.A.** -- Dende logo penso que nin a Igrexa debe estar de ningún xeito vencellada ó Estado, nin tampouco o Estado ha de estalo á Igrexa. Imponse unha autonomía ou independencia mutua, o que non quere dicir que se ignoren e moito menos que se enfrenten. A Igrexa ten a súa misión, que é totalmente distinta da do Estado e non pide nin quere privilexios de ningunha clase; tan só pide e quere eso sí, liberdade pra cumprila axeitadamente. Pola súa banda, o Estado ten a súa misión propia e non debe permitir inxerencias da Igrexa naquelo que lle é exclusivo.

Agora ben, como de feito a Igrexa e mailo Estado traballan sobre das mesmas persoas, será conveniente que se poñan un chisco de acordo pra que non xurdan esas loitas das que ti falabas e que a ningún favorecen.

Dado o pluralismo ideolóxico que de feito existe hoxe no pobo español, eu persoalmente non estou por unha confesionalidade do Estado aínda que esto é unha cousa na que o Estado ten a palabra definitiva e non a Igrexa. Con esta miña postura non rexeito que o Estado recoñeza o que nós chamamos "confesionalidade sociolóxica", ou sexa, que recoñeza un feito social, que non se pode acochar nin esquecer, o de que millóns de españois dinse e son cristiáns católicos.

Fernando SALGADO.



Monseñor Araúxo co autor da presente entrevista.